



SAL 001230 31.01.13 09:03  
**MODIFICACIÓN DO SEGUNDO PERÍODO DO PRAZO DE SOLICITUDE PARA O APOIO  
TUTORIAL EXTRAORDINARIO (CURSO 2012/2013)**

A Convocatoria de Apoio Titorial Extraordinario para o curso 2012/2013, (RR do 11/07/2012) establece os prazos de solicitude, fixando para o segundo período, como data límite o 8 de febreiro do 2013, simultaneamente ao prazo de modificación de matrícula.

Por outra parte, o Consello de Goberno (sesións 30/03/2012 e 28/09/2013) aprobou o Calendario Escolar do curso 2012/2013 no que sinala o 4 de febreiro de 2013 como data de final para a entrega de actas. Asemade no seu punto 10 permite que algúns centros poidan adaptar este calendario ás súas circunstancias, como así fixeron varios deles.

Co obxecto de permitir que todos os estudantes poidan solicitar o apoio titorial no segundo período, incluídos os matriculados nos centros que fixeron unha adaptación do calendario, é necesario modificar o prazo de solicitude do apoio para este segundo período polo que esta reitoría Resolve,

UNICO.- Ampliar o prazo de solicitude de Apoio titorial extraordinario correspondente ao segundo período ata o 28 de febreiro para que os estudantes que reúnan os requisitos que establece a Convocatoria poidan solicitalo logo da realización e cualificación dos exames correspondentes ao primeiro cuatrimestre.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2013

O Reitor

  


Juan Casares Long

Sr. Vicerreitor de Titulacións e Persoal Docente e Investigador, Sra. Vicerreitora de Responsabilidade Social e Calidade, Sra. Secretaria Xeral, Sr. Secretario Xeral Adxunto, Sres./as Decanos/as, Sres./as. Directores/as de Centro, Sres./as Directores/as de Departamento, Sra. Xefa do Servizo de Asesoría Xurídica, Sra. Xefa do Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica, Sr. Xefe do Servizo de Xestión Académica, Sres./as Xefes/as das UXA do Campus de Santiago e Lugo, Sres./as. Responsables das Unidades de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos, Sra. Directora da OIU, Sra. Xefa da Oficina de Reclamacións e Mellora do Procedemento, Sr. Responsable dos Servizos Informáticos da área académica.